

COMUNICADO CONCELLO DE VEDRA

TI PODES SALVAR VIDAS

A situación na que nos atopamos dende fai xa un mes é excepcional e inimaxinable. A declaración do estado de alarma o día 15 de marzo implicou que todas as persoas teñamos que estar nas nosas casas sen poder saír agás por causas urxentes ou acudir aos nosos postos de traballo, no seu caso.

Pedimos encarecidamente que **TODAS AS PERSOAS CUMPRAMOS COAS RECOMENDACIÓNS DE SAÚDE** que dende o Ministerio de Sanidade coma dende a Consellería de Sanidade se estableceron pola nosa propia saúde e pola de quen temos ao noso redor.

Se tes algún dos síntomas do coronavirus (TOS, FEBRE, DIFICULTADE RESPIRATORIA) ou ben es positivo na infección por COVID-19 (coronavirus) é imprescindible e de obrigado cumprimento para toda a cidadanía o seguinte:

1. Chama ao teléfono habilitado pola Xunta de Galicia: **900 400 116**
2. Avisa á túa xente para que coñezan a información e poidan adoptar as medidas de prevención.
3. Se acudes a un posto de traballo, avisa ao centro de traballo.
4. **Se algún dos teus familiares emprega o servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra, informa á maior brevidade ao Departamento de Servizos sociais: 981 81 46 93**
5. Unicamente chama a Urxencias se é unha emerxencia: **061**

Por último, recorda:

1. Lavar as mans e a cara frecuentemente con auga e xabón.
2. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
3. Ao tusir, cubrir a boca cun pano de papel ou contra o brazo co cóbado flexionado.
4. Evitar o contacto próximo con outras persoas (entre 1 e 2 metros de distancia)
5. Quedar na casa e non permitir visitas de familiares e amizades non necesarias. Reunións para tomar algo, xogar e similares NON poden celebrarse mentres dure esta situación porque constitúen focos de contaxio.
6. Vai a facer a compra cada certo tempo. Evita acudir a este tipo de establecementos diariamente porque NON existe perigo de escaseza de produtos.

**SE TI CUMPRES COAS RECOMENDACIÓNS ESTÁS AXUDANDO A REMATAR
CON ESTA SITUACIÓN CANTO ANTES E SALVANDO VIDAS.**

